

**Manuel Leiras Pulpeiro (1854-1912):
O republicano que “amou a verdade e practicou o ben”**

Xesús Alonso Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [2009]). “Manuel Leiras Pulpeiro (1854-1912): O republicano que ‘amou a verdade e practicou o ben’”. *Roteiros*: 3, 142-148. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/630>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (2009). “Manuel Leiras Pulpeiro (1854-1912): O republicano que ‘amou a verdade e practicou o ben’”. *Roteiros*: 3, 142-148.

* Edición dispoñíbel desde o 15 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

LPEIRO (1854–1912): O REPUBLICANO QUE «AMOU A VERDADE E PRACTICOU O BEN» MANUEL LE

- * Catedrático de Literatura na Universidade de Santiago de Compostela e membro da Real Academia Galega. Entré os seus numerosos libros cabe destacar *Cen anos de literatura galega* (1964), *Informe —dramático— sobre la lengua gallega* (1973), *Celso Emilio Ferreiro* (1982), *Luis Pimentel: biografía da súa poesía* (1990), *Decálogo da lingua galega* (1990), *Informe(s) sobre a lingua galega (presente e pasado)* (1991), *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luis Seoane* (1994, 2002), *Ensaio breve de literatura e política* (1996), *Curros Enríquez no Franquismo (1936–1971)* (2003), *A Batalla de Montevideo. Os agravios lingüísticos denunciados na Unesco en 1954* (2003), *Páxinas sobre Rosalía de Castro (1954–2004)* (2004) ou *Intelectuais marxistas e militantes comunistas en Galicia (1926–2006)* (2007). Como poeta publicou *Versos satíricos ó xeito medieval* (2002) e *Versos republicanos* (2002). Fixo diversas compilacións en homenaxe a autores galegos: *Coroa poética para Rosalía de Castro* (1985), *Coroa poética para Castelao* (1988), *Coroa poética para un mártir* (1996), *Coroa literaria para Roberto Blanco Torres contra a súa morte* (1999) e *47 poetas de hoxe cantan a Curros Enríquez* (2001).
- 1 «El Pi de Formentor», *El Noticiero Universal*, Barcelona, 18–VI–1974. O título do artigo coincide co dun célebre poema en catalán do escritor mallorquín Miquel Costa i Llobera (1854–1922), poema que traduciu ó galego Leiras Pulpeiro.

PULPEIRO (1854–1912): O REPUBLICANO QUE «AMOU A VERDADE E PRACTICOU O BEN»

XESÚS ALONSO MONTERO*

A José María Gómez de Toxeiro (Chantada) e Andrés Páramo (Sarria), nobres e entusiastas bandeiras republicanas, cun aturuxo pola Terceira.

I
Sempre que paso por Mondoñedo fágolle unha visita ó cemiterio da vila, pero non ó «camposanto», senón ó lugarciño que está na entrada, o que alí chaman «o cemiterio dos herexes». Outros chámanlle «o cemiterio dos masóns» ou «o camposanto dos estraños», denominación esta que coñecemos por un artigo de Álvaro Cunqueiro de 1974¹. Está, segundo se entra, á man esquerda, que é a lóxica. Nesta parte do cemiterio, o civil, hai unha tumba que sempre visito con emoción: a de don Manuel, como lle chamaron, en vida, devotos e detractores, ó doutor e poeta mindoniense Leiras Pulpeiro.

Morreu don Manuel o 9 de novembro de 1912, cando acababa de facer 58 anos de idade. No mausoleo, que é de 1921 e foi custeado polos «fillos de

Mondoñedo en Buenos Aires», gravouse este epitafio: «Amou a verdade e practicou o ben».

Referidas ó doutor Leiras Pulpeiro, estas palabras de ouro non son hiperbólicas. Ninguén no seu tempo —e noutros— foi máis merecente delas. Foi Cunqueiro, home de dereitas pero escritor certo, quen dixo de don Manuel que fora, na súa época, «un santo máis que un médico, pero un santo anticlerical».

II

Sabido é que o poeta Leiras Pulpeiro foi o protagonista do Día das Letras Galegas o 17 de maio de 1983, hai 25 anos. Xa morrera Franco, razón pola cal a Real Academia Galega non arriscaba moito ó elixir, como Patrón do Día, un poeta —os académicos sabían ben— que non só era «un santo anticlerical» senón un santo ateo. Nesta cuestión Álvaro Cunqueiro, no seu artigo de 1974, altera a realidade cando, despois de caracterizalo como «santo anticlerical»,

engade: «...un creyente apartado de la práctica católica». Aínda así, Cunqueiro non omite que o doutor Leiras «no quiso recibir los Sacramentos cuando se puso a morir».

Este foi o escritor a quen a nosa Academia, oito anos despois de morto Franco, lle dedicou a Festa Maior das Letras Galegas. A Academia non ignoraba a valentía laica de quen decidiu, nunha cidade tan clerical, morrer extramuros da Igrexa, e non ignoraba o seu valor, case temerario, cando, o 29 de agosto de 1888, casou civilmente con Antonia Andía Villar. Cómpre ter en conta, para medir a coraxe de don Manuel Leiras, médico e escritor, que no acto dese 29 de agosto, ademais do desafío ós abafantes estamentos eclesiásticos, houbo un desafío ás convencións sociais daquel tempo e daquel lugar: Antonia Andía era filla de xornaleiros e nai de dous fillos (xa casados, terían seis máis).

Temos noticia precisa do «impacto» causado por esta voda, o primeiro matrimonio civil na historia da levítica cidade de Mondoñedo: «En el púlpito, en la confesionario, en la calle y en todas partes, los de la sotana no hacían ni hacen más que desafiar con la excomuni3n y con el infierno... a los que se relacionen con el se3or Leiras y a los enfermos que se consulten con 3l y necesiten de sus auxilios».

O cronista publica o seu relato nupcial nun periódico que non simpatiza cos da «sotana», *Las Dominicales del Libre Pensamiento* (26-IX-1888). O anónimo

«corresponsal» puntualiza noutro parágrafo, refiriéndose a don Manuel: «Este es el presidente del Comité republicano federal de esta poblaci3n, y, consecuentemente con sus ideas, no quiso ser far-sante, es decir, no quiso aparentar lo que en realidad no era...».

Daquela, 1983, non estaba claro se don Manuel Leiras fora mas3n, o que hoxe confirman estudos recentes. Foi, co nome simb3lico de Lúculo, «Venerable Maestro» na loxia «Vallibiria Redempta». Si se sabía que xa en 1905 constituíu, con cinco persoas máis, o Grupo Esperantista de Mondoñedo. Foi un pioneiro, pois nese ano iniciábase en Galicia o movemento esperantista. Nunha época en que xa desaparecera o latín como lingua internacional nas relacións científicas e académicas, e aínda non se albiscaba o poder omnimodo do inglés, don Manuel Leiras, que aspiraba á fraternidade universal, comprometeuse cun idioma universal —neutro, non nacional— para propiciar relacións e intercambios, o que nel non era síntoma de deslealdade á lingua da patria ou da matria, que sempre será —ou debería ser— a da comunicaci3n cálida e a da matizada expresi3n artística. Lémbrese que don Manuel Leiras, antes e despois de 1905, só foi poeta en galego, un poeta que asombrou pola riqueza e enxebreza do seu idioma; foi tamén un estudoso e paciente recolector do léxico e da fra-seoloxía populares.

III

Nunha vila tan prexuizosa e tan clerical como a de Mondoñedo, don Manuel Leiras concentraba na súa persoa todas as facetas que alporizaban ou desacougaban a moitos, especialmente ós que tiñan poder económico, político ou eclesiástico. Era ateo, republicano, progresista e, ademais, consecuente coas súas ideas, tanto que casou civilmente e civilmente morreu. Por se fose pouco, foi poeta, poeta que, en non poucas ocasións, facía reflexións como estas:

Sabendo que o mundo
n'é foro de nada,
«i en todo pra todos»
quiñón debe haber,
¿qué agardan os probes
que a fouce no-abranguen,
e a súa, ben feita,
non fan dunha vez?

Na algunha ocasión o poeta láiasse de que non haxa quen conciencie e aguilloe o pobo galego, «pobo infelice»:

Porque todo el enganido
e atotado está pro grande;
e no-hai quen lle faiga que ande
nin quen lle esperte o sentido!

O poeta Leiras —o cidadán Leiras— na súa controversia co Clero é unha musa clerófoba non inferior á de Curros Enríquez, aínda que non teña a brillantez

e xusteza formal do bardo de Celanova. Repárese no poema «Pan que se solta...»:

Os corvos das ideas;
os que, pra eles trunfar, afogar queren
doutrinas que han crebar nosas cadeas;
os que, *roendo latin*, sin o entenderen,
dan pró ceio boletos ás maus cheas,
vendo que hai pouca fe nas argalladas,
que aínda hoxe lles valen boas talladas,
bouran, e con razón: pan que se solta,
pan perdido pra sempre, e non ten volta!

Foi o noso poeta quen utilizou por primeira vez na literatura galega o despectivo «cregaxe» para denominar, valorar e ridiculizar ese estamento, segundo el, tan pernicioso para a sociedade. «Á cregaxe» titulábase o poema que comeza con estes versos:

Dicen que con raposadas,
cando non por forza, pensas,
pouquiño a pouco ir logrando
facerte dona da terra!...

Pero don Manuel, que non era católico e que detestaba e denunciaba o comportamento da Igrexa católica, tiña respecto, como outros ateos da época, para certos aspectos humildes e fraternos do cristianismo primitivo. Estampouno nestes catro versos lapidarios:

Entre os probes que xememos,
inda o Belemnita reina;
pro ¿entre cregos?... ¡Entre cregos,
nin siquera!!!

Así de xenerosos e xustos eran moitos dos homes que, a fins do século XIX, militaban na causa do republicanismo federal antes e despois da fugacísima I República Española. Ese republicanismo foi un dos nortes de don Manuel, e nesa formación chegou a ocupar cargos relevantes (por exemplo, en 1893, é un dos cinco dirixentes do «Consejo federal de la Región gallega»). Supoño que o seu natural modesto foi impelido, polo sentido do deber, por elemental civismo, a aceptar esa representación. Sabido é que, cando don Manuel Murguía lle comunica, en 1905, a súa condición de membro numerario da Real Academia Galega, o ilustre poeta mindoniense —e ilustre lingüista— contéstalle: «No tengo las condiciones necesarias para ocupar el puesto... y no me es permitido aceptarlo». Aínda así, na propia misiva promételle á institución acabada de crear a súa colección de papeletas, «cosa importante por ser persona enteramente conocedora del gallego»².

IV

Cando, meses antes do 17 de maio de 1983, a Real Academia Galega decretou que o persoeiro literario dese día sería o noso poeta, eu escribín un libro que titulei *Manuel Leiras Pulpeiro: o cidadán e o poeta*, libro que serviu de introdución ás *Obras Completas* do escritor mindoniense (Santiago de Compostela, Edicións Sálvora, 1983). Non foi un libro oportunista. De feito, eu aproveitei a oportunidade para redactar un traballo que viña elaborando desde había, cando menos, quince anos. Xa en 1967 fixera unha viaxe a Mondoñedo, con algúns ex alumnos meus, para entrevistar persoas de idade que trataran, de novos, a don Manuel Leiras. Uns amigos presentáronme a un «vello» de 82 anos, quen, en novembro de 1912, data da morte do noso escritor, traballaba de carpinteiro na casa do señor Leiras.

Anotada teño boa parte daquela conversa na que o señor Antonio Ferreiro, con boa memoria aínda

2 *Boletín de la Real Academia Gallega*, n.º 1, maio de 1906, p. 3.

3 «Leiras Pulpeiro/El recuerdo de nuestras glorias», *Céltiga*, Buenos Aires, n.º 90, 15-IX-1928.

e con intelixencia normal e fresca, insistía nas bondades de «don Manuel» e nas virtudes do médico. Contaba, non sen emoción [¡55 anos despois!] que no enterro unha muller, entre saloucos, berraba: «¡Curoume, non me cobrou e deixoume debaixo da almohada unhas onzas de chocolate de dous pesos!». Tamén recordaba o señor Antonio Ferreiro con precisión a ocasión en que, sendo el neno, lle rifou don Manuel por matar sapos, que eran (recalcaba) *criaturas vivientes*. Nese meu diario teño entre comiñas unhas palabras do vello carpinteiro: «Don Manuel morreu nos meus brazos».

Entre os ex alumnos que me acompañaron en 1967 a Mondoñedo figuraba Arturo Reguera, que foi (¡cousas da vida!) quen, en 1983, coidou a edición do meu libro. No volume que el coidou con tanto decoro e meticulosidade, eu acheguei un número non pequeno de textos de Leiras que Antón Vilar Ponte, devoto do noso escritor, non recollera nas *Poesías* que, no ano 1930, imprimiu na Coruña a editorial Nós.

Por certo, esta edición, feita con fervor por Vilar Ponte e prologada por Otero Pedrayo, foi custeada, como o mausoleo, por «un grupo de galegos residentes» en Buenos Aires. O dato non é irrelevante: os galegos residentes en Mondoñedo —os galegos de medios económicos non moi exiguos, ou unha boa parte deles— lonxe de magnificaren a vida e a obra literaria de Leiras Pulpeiro, preferirían silenciais e marxinalas.

A min confórtame que os amigos da revista *Roteiros* me proporcionen a oportunidade de volver sobre un cidadán e un poeta que, desde 1983, vai esmorecendo na memoria da xente.

V

Aínda hai lagoas na biografía de Leiras Pulpeiro, unha das cales xa me preocupaba en 1983: ¿cal foi, como foi, a relación sentimental entre o doutor e o home de Letras Leiras Pulpeiro e a súa muller, Antonia Andía, de tan humilde condición sociocultural (filla de xornaleiros)? En 1967 xa non atopei en Mondoñedo persoas que fosen capaces de responder pregunta tan delicada.

Aínda había algunhas, como o señor Antonio Ferreiro, que confirmaban o que, en 1928, escribira a nobre pluma de Roberto Blanco Torres:

Sin embargo, en la misma ciudad episcopal tuvo la consideración social que merecía por su talento, por su amor a los humildes, por la resplandeciente austeridad de su vida. Los enfermos pobres tenían en Leiras Pulpeiro no solamente a un médico solícito y amable, sino también a un amigo generoso, a un hermano. La medicina fue para él un sacerdocio, como lo fue la ciudadanía, y el cultivo de las musas el medio por el cual los hombres de riqueza interior resuelven en acentos líricos su aspiración del bien en el mundo y su ansia de belleza³.

Mercé ó respaldo social dos humildes —a inmensa maioría— da poboación mindoniense, mercé á súa estima e agarimo, o doutor Manuel Leiras Pulpeiro puido exercer, ante poderes tan fortes e consolidados, a súa condición de republicano, de progresista e de cidadán coherente coas súas ideas, verdadeiramente escandalosas naquel lugar e naquel tempo. É certo que don Manuel Leiras era dese homes de re-xos principios, pero que os levase á práctica sistemáticamente débese, en non desdeñable parte, ó feito de que o doutor suscitaba cada vez máis adhesión ou devoción, mesmo entre os centos e centos de humildes da misa dominical. Na vida daquel republicano

exemplar resplandecía, na bonanza e na tempestade, o diamante moral do seu espírito. Con razón, os intérpretes dese espírito gravaron na lápida do «herexe»: «Amou a verdade e practicou o ben».

Circulaba hai anos na tradición oral mindoniense un dito que nos consta que foi histórico, non inventado. Un correligionario e devoto admirador de Leiras Pulpeiro, moi novo en 1912 (ano da morte do eximio republicano de Mondoñedo), emocionouse tanto o 14 de abril de 1931 (¡o día da II República!) que se sentiu na obriga de ir á súa tumba. Xa alí, debruzado sobre a lápida, berrou entre bágoas: «¡Don Manueliño: xa chegou!».